

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE MAIO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a doce de maio de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

doce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 8 de maio de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS

- Gandería FG S.C.

ANTECEDENTES

1. Don Félix Fernández García, na representación da sociedade GANDERÍA FG S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Arcas, parroquia de Guillar, solicitou con data 18 de xuño de 2022 (RE-E núm. 295) licenza municipal para LEGALIZACIÓN DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA, REFORMA DE NAVE AVÍCOLA E DE EDIFICACIÓNS

AUXILIARES DE EXPLOTACIÓN DE ENGORDE DE POLOS,
con emprazamento no lugar de Adelán, parroquia de Guillar.

2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 11 de febreiro de 2020 e está integrada por Don Néstor Fernández García (DNI núm. ██████████) e Don Félix Fernández García (DNI núm. ██████████). Non consta no expediente a súa elevación a escritura pública.
3. Achégase proxecto técnico e anexo, visados polo colexio correspondente (██████████, do 07/09/22 e anexo de data 16/03/23), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A legalización proxectada sitúase en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a legalización dunhas obras de reforma e ampliación dunha explotación avícola existente.
5. As obras obxecto de legalización consisten en:
 - ✓ Colocación na cara interior do cerramento da nave A dun trasdosado mediante panel tipo polipur con núcleo illante de poliuretano.
 - ✓ Peche das xanelas existentes e a apertura e colocación doutras novas na nave A.
 - ✓ Colocación dunha porta tras a supresión doutra existente (nave A).
 - ✓ Reforma das instalacións de ventilación da nave A, aumentando o número de ventiladores e modificando o seu emprazamento na fachada posterior da edificación e instalando paneis cooling nas fachadas laterais.

11. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
12. A xefa do Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 05/07/22, informa de xeito favorable o proxecto.
13. Tendo en conta que as obras solicitadas atópanse situadas no ámbito de protección integral do elemento denominado “*xacemento prehistórico de Adelan*” (██████████), ben incluídos no catálogo do Plan Básico Autonómico de Galicia, solicitouse a preceptiva autorización previa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
14. A Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por Resolución de data 20 de febreiro de 2023, autoriza a legalización das obras (expediente núm. ██████████).
15. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
16. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
17. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
18. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANDERÍA FG S.C. licenza municipal para LEGALIZACIÓN DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA, REFORMA DE

NAVE AVÍCOLA E DE EDIFICACIÓNS AUXILIARES DE EXPLOTACIÓN DE ENGORDE DE POLOS, con emprazamento no lugar de Adelán, parroquia de Guillar, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexo, visados polo colexio correspondente [REDACTED], do 07/09/22 e anexo de data 16/03/23), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- c) En aplicación do artigo do artigo 24.2 da LECG e do artigo 364.2 do RSLG, deberá presentar no Concello a seguinte documentación:
 - ✓ Comunicación previa para o inicio da actividade.
 - ✓ Certificado final de obra suscrito por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de MIL DOUSCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.288,55 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de TRESCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (322,13 €).

3.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

De conformidade coas Bases e Baremo aprobados por este órgano na sesión celebrada o pasado día 14 de abril do corrente, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos tres (3) postos de traballo inicialmente ofertados (RS núm. 253 e 254, do 14/04/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatos/as:

Auxiliar do SAF tempo completo (oferta núm. [REDACTED])

- Bodaño Villar, Verónica
- Calvo Fisteus, Ana María
- Crespo López, Consuelo
- Goudett Isamar, Larisa D
- Iglesias Ignacio, Juan Antonio
- Lavandeira Arán, Paula
- López Novoa, Lourdes
- Moure Montoto, Pilar
- Olivence Mercedes, Sugelis
- Starke Samuel, Rubén
- Varela Galego, Ana Belén

Auxiliar do SAF tempo parcial (oferta núm. [REDACTED])

- Alonso Álvarez, Eugenio María
- Carrón Agra, María Irene
- Castro Fernández, Ana
- Crespo López, Consuelo
- González Dasilva, María José
- Jácome Vázquez, Isabel
- Moure Montoto, Pilar
- Olivence Mercedes, Sugelis
- Pallares Fernández, Silvia
- Rodríguez Saavedra, María Sara

— Starke Samuel, Rubén

De conformidade co establecido nas Bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no Baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

Auxiliar do SAF tempo completo

- Iglesias Ignacio, Juan Antonio (RE núm. 685, do 24/04/23)
- Crespo López, Consuelo (RE núm. 691, do 26/04/23)
- Lavandeira Arán, Paula (RE núm. 718, do 28/04/23)
- Olivence Mercedes, Sugelis (RE núm. 720, do 28/04/23)

Auxiliar do SAF tempo parcial

- Crespo López, Consuelo (RE núm. 691, do 26/04/23)
- Olivence Mercedes, Sugelis (RE núm. 720, do 28/04/23)

Por Resolución da Alcaldía de data 9 de maio do corrente aprobouse a listaxe definitiva de candidato/as admitidos/as e excluídos/as. Admítense todas as candidaturas presentadas, agás as rexistradas por Juan Antonio Iglesias Ignacio e Sugelis Olivence Mercedes, por incumprir en ambos casos algún dos requisitos establecidos nas Bases, segundo o detallado na dita resolución.

Procedeuse deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

Auxiliar do SAF tempo completo

CANDIDATA	CURSOS DE FORMACIÓN	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
Consuelo Crespo López	0,40	0,00	0,40
Paula Lavandeira Arán	0,15	0,30	0,45

Auxiliar do SAF tempo parcial

CANDIDATA	CURSOS DE FORMACIÓN	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
Consuelo Crespo López	0,40	0,00	0,40

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ratificar a exclusión dos/as candidatos/as Juan Antonio Iglesias Ignacio e Sugelis Olivence Mercedes polas causas sinaladas na Resolución da Alcaldía de data 09/05/23.

Segundo.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de circunstancias da produción, por un período máximo de seis meses, das traballadoras que deseguido se sinalan:

Auxiliar do SAF tempo completo

NOME E APELIDOS	DNI
PAULA LAVANDEIRA ARÁN	██████████
CONSUELO CRESPO LÓPEZ	██████████

Auxiliar do SAF tempo parcial

NOME E APELIDOS	DNI
CONSUELO CRESPO LÓPEZ	██████████

Terceiro.- Requirir a candidata Consuelo Crespo López para que opte a un dos postos de traballo para os que foi seleccionada. De non producirse opción expresa, entenderase que elixe a contratación a tempo completo.

Cuarto.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2023

De conformidade coas Bases e Baremo aprobados por este órgano na sesión celebrada o pasado día 27 de abril do corrente, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado (RS núm. 281,

do 02/05/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatos/as:

Enxeñeiro/a forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Couso Mouco, Beatriz
- García Méijome, Alberto
- Hermo Rodríguez, Francisco Manuel
- Pardo Pumar, Laura

De conformidade co establecido nas Bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no Baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación a seguinte única candidata:

- Pardo Pumar, Laura (RE-E núm. 284, do 07/05/23)

A continuación, a Xunta de Goberno Local procedeu á comprobación do cumprimento por parte da candidata presentada dos requisitos establecidos nas Bases, admitíndoa ao proceso selectivo.

Procedeuse deseguido á valoración dos méritos da candidata admitida, co seguinte resultado:

CANDIDATA	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	SITUACIÓN FAMILIAR	SITUACIÓN DESEMPREGO	TOTAL
Laura Pardo Pumar	2	0	0	2,00

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo completo (37,5 horas/semana), modalidade de mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, por un período de nove meses, da traballadora que deseguido se sinala:

Enxeñeira forestal

NOME E APELIDOS	DNI
LAURA PARDO PUMAR	[REDACTED]

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- APROBACIÓN DE BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da resolución de data 9 de maio de 2023 da xefa territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Pontevedra (RE núm. 766, do 09/05/23) pola que se concede a este Concello unha subvención por importe de 13.641,75 € para a contratación dun posto de traballo de limpador/a, a tempo parcial e durante un período de nove meses, ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 22, do 01/02/23).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e baremo da selección para a provisión do posto de traballo subvencionado ao abeiro da citada convocatoria, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

ANEXO

BASES E BAREMO PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO/A TRABALLADORA/A A CONTRATAR AO ABEIRO DO PROGRAMA PARA O FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA 2023

A/ BASES

OBXECTO: O obxecto das presentes bases é a selección do/a traballador/a a contratar polo Concello ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), de conformidade cos requisitos establecidos na Orde de convocatoria da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 22, do 01.02.2023).

DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS:

- 1 limpador/a.

TIPO DE CONTRATO: contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (art. 13 da Orde de convocatoria).

XORNADA: 28 horas e 45 minutos semanais, horario de mañá e/ou tarde en función das necesidades do servizo.

DURACIÓN DO CONTRATO: 9 meses.

SALARIO:

- Limpador/a: 1.121,12 € brutos mensuais, incluído prorrogação de pagas extras (Convenio provincial do sector da limpeza de edificios e locais de Pontevedra, BOP núm. 164, do 28.08.2019)

REQUISITOS:

- Os xerais da Lei.
- Previa preselección polo Servizo Público de Emprego (SPE). Estar inscrito/a como persoa desempregada no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego e reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).
- Ser perceptores/as da Renda de inclusión social de Galicia (Risga).

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia compulsada da documentación requirida. Resolución da Consellería competente na que se recoñeza a condición de perceptor da Risga.

A documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo deberá presentarse no prazo de cinco días naturais, contados a partires do día seguinte ao día fixado polo SPEG para a súa presentación no Concello.

B/ BAREMO.

B1/ CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS (ATA 1,00 PUNTOS)

- Por ser maior de 45 anos 1,00 punto.

FORMA DE ACREDITACIÓN: Fotocopia compulsada do DNI ou documento de valor equivalente.

B2/ SITUACIÓN FAMILIAR (ATA 3,50 PUNTOS)

- Por cada fillo ou menor en acollemento 0,25 puntos.
- Por familia monoparental 0,50 “
- Por cada fillo con discapacidade recoñecida 1,00 “
- Por familia numerosa con título expedido 2,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia compulsada do libro de familia e certificado municipal de convivencia da unidade familiar. No caso de discapacidade ou familia numerosa, copia compulsada dos documentos que o acrediten. Aos efectos do presente baremo, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

B3/ SITUACIÓN DE DESEMPREGO (ATA 2 PUNTOS)

- Por desemprego do solicitante superior a 2 anos 1,00 punto
- Por desemprego do solicitante superior a 1 ano 0,50 “
- Por desemprego do solicitante superior a 6 meses 0,25 “

- Por ter asignado un proxecto de inserción de carácter laboral 1,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Para o tempo de desemprego, informe de períodos de inscrición expedido polo SPE. Para a non percepción de desemprego, certificado do SPE que así o acredite. Para o proxecto de inserción de carácter laboral, acordo de inserción ou informe do SPEG co detalle das medidas incluídas no proxecto.

6.- CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO DO CONCELLO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL, CURSO 2022-2023

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria urxente celebrada o día 12 de decembro de 2015, acordou aprobar de xeito definitivo a Ordenanza reguladora para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello que cursa estudos fóra do termo municipal. Dita Ordenanza foi modificada parcialmente por acordo plenario de data 2 de marzo de 2017.

Segundo.- Os textos definitivos da Ordenanza e da súa modificación foron publicados no Boletín Oficial da Provincia núm. 244 e 93, correspondentes aos días 18/12/15 e 16/05/17 respectivamente.

Terceiro.- O apartado 5 da Ordenanza dispón literalmente: *“Anualmente a Xunta de Goberno Local realizará no mes de maio a convocatoria específica para o curso académico iniciado o ano anterior”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar convocatoria específica para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello que cursa estudos fóra do termo municipal, correspondentes ao curso académico 2022-2023.

Segundo.- Establecer a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) como contía máxima global das axudas a conceder na presente convocatoria, con cargo á partida orzamentaria 320/480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2023.

Terceiro.- Publicar a correspondente convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

7.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIO DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don Antonio Moreiras Soengas.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 12/05/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia ao seguinte usuario:

NOME E APELIDOS: Antonio Moreiras Soengas

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Alemparte, parroquia do Salto

VALORACIÓN [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,01 €/hora

8.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Por Resolución de data 23 de febreiro de 2023, Augas de Galicia concedeu unha subvención, por importe de 14.423,20 €, para o financiamento da actuación denominada “*auditoría da rede de saneamento do Concello de Rodeiro*”, ao abeiro da Resolución do 23 de agosto de 2022 de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2022 (DOG núm. 170, do 07/09/22).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia propia que ostenta o Concello en materia de “*abastecemento de auga potable*”

a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais”, establecida na letra c) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin por Augas de Galicia con cargo á convocatoria referida (expediente [REDACTED]).

Vistos o orzamento da memoria xustificativa aprobada, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola Alcaldía con data 11/05/23, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na realización dunha auditoría da rede de saneamento do Concello, á sociedade CUARTAZONA INGENIERÍA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Santiago de Compostela, ao prezo de DEZAOITO MIL VINTE E NOVE EUROS (18.029,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 342,61 €, 65,53 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A623, 23A624 e 23A625 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 142,61 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 23A695 (FACe).
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 1.000,00 €
Por achega ao convenio de administración electrónica 2023, s/cargo.

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,50 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-E3DD-041409 e 28-E3U1-108387 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 203,36 € E 31,70 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de abril de 2023, s/facturas núm. 4003679366 e 4003670453 (FACe).
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 160,00 €
Por taxa por autorización de obra en estrada provincial, s/cargo.
- CUARTAZONA INGENIERÍA S.L. 2.262,70 €
Honorarios por redacción de memoria técnica do sistema de abastecemento do Concello, s/factura núm. 23/019
- AMADEO GONZÁLEZ CUÑARRO 95,00 €
Por subministro de pizarra para o programa “O espertador”, s/factura núm. 20230A000382.
- ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA 1.800,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro*” no mes de abril de 2023, s/factura núm. 0-165 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 102,85 €
Por traballos varios nos lugares de San Paio e Rodeiro, s/factura núm. 5/2023.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 5,90 €
Por subministro de lámpada para edificio municipal, s/factura núm. 42/23.
- CANGADO S.L. 376,82 €
Por subministro de diverso material para obras municipais, s/factura núm. R1/000101.

- FERRODEIRO S.L. 1.641,90 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000999.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 871,20 €
Por traballos de reparación do abastecemento de auga en Santa Baia, s/factura núm. 4/2023.
- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U. 424,60 €
Por servizo consistente na recollida selectiva de residuos da fracción de envases lixeiros (bolsa amarela) e da fracción papel-cartón no mes de abril de 2023, s/factura núm. 23301 (FACe).
- PILAR PRESAS CALVO 50,00 €
Por xantar de preparación da iniciativa “Rodeiro de tapas 2023”, s/factura núm. 35.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 624,14 €
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000317 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 4.313,65 €
Por transporte de zahorra e bacheo e limpeza de beira estrada snos lugares de Santa Baia, O Coto, Vilachá, Aciveiro e Covelos, s/factura núm. 3/2023.
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 4.051,08 €
Por traballos de acondicionamento de muro de contención de estrada no lugar de Couso, s/factura núm. 23013.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)